



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ao artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e ao Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DE AXUDA DE CONTIDO SOCIAL PARA PALIAR OS EFECTOS SANITARIOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS OCASIONADOS POLA PANDEMIA DO COVID-19.**

A Organización Mundial da Saúde elevou, o pasado 11 de marzo de 2020, a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional. E a rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu da adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta situación.

Consonte a elo, o Goberno publicaba -no BOE do 14 de marzo- o Real Decreto 463/2020, polo que se declaraba o Estado de Alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada por este coronavirus.

Con anterioridade xa publicara os RDL 6 e 7/2020, de 11 e 12 de marzo, polos que se adoptaban determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública. Posteriormente, o Goberno do Estado publicou numerosa normativa para dar resposta, do xeito máis eficaz e inmediato posible, a unha pandemia mundial descoñecida e de consecuencias aínda por avaliar, e superar. Entre estas normas legais destaca o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Dito Real Decreto Lexislativo autoriza a concesión dun suplemento de crédito para crear un **Fondo Social Extraordinario** no Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 por importe de **300 millóns de euros**, que se dirixe á «Protección á familia e atención á pobreza infantil. Prestacións básicas de servizos sociais». En data 24 de marzo, o Consello de Ministros decidiu transferir este importe ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla para financiar as prestacións básicas dos servizos sociais das comunidades autónomas, deputacións provinciais, ou as corporacións locais, que teñan por obxecto exclusivamente facer fronte a situacións extraordinarias derivadas do COVID-19, correspondéndolle a **Galicia 17.010.652 € (5,67% do fondo)**. Este Fondo poderá destinarse á financiación de proxectos e ás contratacións laborais necesarias para o desenvolvemento das seguintes prestacións:

- a) **Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario**, para garantir os coidados, o apoio, a vinculación ao entorno, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a **axuda a domicilio en todas as súas modalidades** e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.
- b) **Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria** de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria de dito servizo.



- c) **Trasladar ao ámbito domiciliario**, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.
- d) **Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar**, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atende estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como na intensidade, dos mesmos.
- e) **Reforzar os cadros de persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais** en caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio o por prestación de novos servizos ou sobrecarga do cadro de persoal.
- f) **Adquisición de medios de prevención (EPI).**
- g) **Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as familias**, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.
- h) **Reforzar**, con servizos e dispositivos adecuados, os **servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación** para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.
- i) Outras medidas que as Comunidades Autónomas, en colaboración cos Servizos Sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, e sexan debidamente xustificadas.

Adicionalmente, o Goberno do Estado transferiulle a Galicia **1,9 millóns de euros en becas de comedor**, que están dando cobertura a **13.247 familias** e a **13.766 nenas e nenos galegos**.

O Goberno do Estado está realizando unha tarefa formidable no conxunto do país, e tamén en Galicia, onde o **27,5 % da poboación activa recibiu algunha prestación nos meses de marzo e abril**. De elas beneficiáronse **272.749 asalariados**, que recibiron **238,3 millóns de euros**, e **68.576 autónomos galegos** (95,7% das solicitudes realizadas), que quedaron protexidos con **45,3 millóns de euros por cese de actividade**. Dos **23.337 autónomos da provincia de Ourense** nos meses pasados, **8.031** xa recibiron axudas no mes de marzo e abril por un importe medio de arredor de **750 euros** e unha cifra global que supera os **9,4 millóns de euros**, cunha porcentaxe de solicitudes favorables que alcanza o 98,7 %.

Unha situación tan excepcional require do esforzo de todos, estando chamada a actuar toda a cidadanía e, sobre todo, os seus representantes políticos en cada unha das institucións públicas.

Conscientes de elo, as mulleres e os homes do PSdeG-PSOE de Ourense presentamos no rexistro desta deputación, o **pasado 26 de marzo**, un escrito cunha relación de medidas para que esta administración local ampliara e mellorara a súa estratexia para facer fronte aos efectos derivados da pandemia na provincia.



Entre as propostas de natureza social, incluíase unha partida de **emerxencia social extraordinaria** de **6 millóns de euros**, para que os concellos dean cobertura á diversidade de necesidades sociais da súa veciñanza causadas pola pandemia do COVID-19. Neste eido social, o documento do PSdeG-PSOE tamén solicitaba **incrementar en 200.000 €** a partida provincial destinada a **teleasistencia** (que acadaría a cifra de 500.000 €), crear unha **rede provincial de voluntariado social** dotándoa con **100.000 €**, e habilitar unha bolsa de axudas á **conciliación** para familias con menores de 14 anos por importe de **300.000 €**.

Adicionalmente, solicitábase material de protección fronte aos contaxios (máscaras, luvas e xel desinfectante) por valor de **450.000 €** (150.000 para persoal do SAF, 100.000 para centros de día e residencias de maiores, 100.000 para EPIS destinados á recollida de residuos de casos positivos con coronavirus e 100.000 para o persoal de recollida do lixo en xeral).

A Deputación de Ourense foi receptiva ás nosas solicitudes de teleasistencia e de EPIs, pois só outorgou 50.000 € menos dos importes que solicitamos en cada caso. Porén, obviou por completo a necesaria partida para **desinfección vírica pública** que ciframos en **915.000 €** (10.000 por concello, e 5.000 para a entidade menor de Berán). Creemos necesario duplicar esta cifra ata sumar 1.825.000 €, para que as entidades locais poidan facer fronte ás novas esixencias de seguridade que xurden, por exemplo, coa reapertura dos centros educativos cuxa limpeza depende dos concellos.

O organismo provincial apostou por outras liñas, que inclúen **250.000 €** para os **SAF** municipais, **150.000 €** para financiarlle aos concellos **medidas sociais individuais** (p. ex., comida a domicilio), ata un máximo do 50% (BenOurense Veciñ@s COVID-19; pendente de bases reguladoras), **450.000 €** para **compras de produtos básicos por parte de colectivos vulnerables no comercio de proximidade** (BenOurense Comercio COVID-19; máximo de 100 € por 3 meses, 1.500 familias), e un programa sen definir destinado a **familias e institucións sen ánimo de lucro** por importe de **300.000 €** (pendente tamén de bases reguladoras).

Dende o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos que as propostas da deputación de Ourense son escasas e incompletas para a magnitude do problema social co que nos enfrentamos. Tal desaxuste é natural, pois a medida que avanza o tempo fanse patentes as súas múltiples facianas.

Tamén nós erramos no alcance das nosas impresións iniciais, e un caso palpable é o referido á **conciliación**, no que debemos ter en conta as necesidades dos cativos e das súas familias na etapa estival, así como cando se inicie o novo curso no que se teñan que incorporar, previsiblemente, en semanas alternas ao seo das clases. Adicionalmente, o coidado familiar dos maiores e das persoas en situación de dependencia requirirán de partidas de conciliación que non consideramos nas previsións iniciais. A suma destes cambios da lugar a unha partida significativamente superior, que ciframos en **2 millóns de euros**.

Por outra banda, non formaron parte da nosa proposta inicial o **traslado ao ámbito domiciliario dos servizos de rehabilitación e terapia ocupacional**, que primarán a atención fora dos centros onde se realizan ata o de agora. Para estas necesidades estimamos necesaria unha axuda de **500.000 €**.



Tamén debemos considerar a **atención das persoas sen fogar**, ante as que se viron desbordados algúns concellos, que solucionaron, case sen recursos, esta necesidade. Prevedemos que unha axuda de **200.000 €** pode ser inicialmente suficiente, dependendo de como progrese a recuperación socioeconómica.

Deben crearse partidas de **apoio aos centros sociosanitarios** (centros de día e residencias), pois debe terse en conta a previsión de rebrotes, que implica a necesidade de dispor de test de coronavirus e persoal para substituír, de modo urxente, ao persoal contaxiado. Con esta finalidade, deben consignarse **800.000 €**, pois estamos a falar do principal foco de contaxios da provincia, que conta, nada máis e nada menos, que con 5.465 prazas (segundo datos do informe “Envejecimiento en Red”, CSIC, 2019).

A **loita contra a fenda educativa e profesional debida a desvantaxes dixitais** é outra das necesidades que se fixo patente coa pandemia do COVID-17, requirindo actuar en tres áreas co obxecto de superalas: a) con axudas para a instalación de **redes wimax** ou mediante outras solucións tecnolóxicas que estendan a cobertura das sinais de telecomunicacións ao rural, b) con axudas para **contratos individuais de datos**, e c) con axudas para a **merca de equipos informáticos**. Estímanse partidas de **1 millón de euros, 300.000 € e 800.000 €**, respectivamente.

Por último, concordamos coa utilidade de dúas propostas aprobadas polo goberno provincial, pero que deben incrementarse nas cantidades previstas para dar a cobertura social que se precisa: unha delas é **Comerciou**, que debe, a lo menos, duplicarse (pasando **de 450.000 a 900.000 euros**) e outra é a **subvención para afectados por ERTE -que non despedidos-**, cuxos 350.000 € semellan exiguos non só respecto aos 3.275.000 € das axudas a autónomos ou aos 550.000 € de apoio a PEMEs, se non para a magnitude do problema comparado cos outros dous. Botamos en falta unha liña de **“axudas para pequenas empresas que SI se viran obrigadas a pechar a súa actividade”** e que esta Deputación esqueceu, dotadas coa mesma partida orzamentaria como mínimo, que a que se destinou para as que non pecharon. Ademais, consideramos que as axudas provinciais para esta categoría, que a Deputación afirmou que cubriría na medida que “poidera” facelo, deben aumentar a súa mira e incluír ás persoas que traballan no ámbito das denominadas **“tarefas do fogar”**, pois son un dos colectivos máis afectados polo confinamento. Asemade, debe terse en conta ás persoas que se atopan en **situación de desemprego**, proporcionándolles, a lo menos, un paraugas económico mentres non existan sinais de recuperación económica. Aínda que a posta en marcha do necesario **“ingreso mínimo vital”** contribuirá a paliar as situacións de penuria socioeconómica, as axudas de índole social da deputación de Ourense tamén deben poñerse a dispor, pois existe remanente de tesourería para apoialas de xeito temporal. Por elo, en definitiva, propoñemos a creación dunha partida denominada **“subvención para o desemprego creado polo COVID-19”**, e dotala cun importe de **5 millóns de euros**.

Sobre a base do exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE na Deputación de Ourense presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Solicitar a aprobación das seguintes medidas e partidas económicas:

- Emerxencia social extraordinaria: 6 millóns de €



- Voluntariado provincial: 100.000 €
- Desinfección vírica pública: 1.825.000 €
- Axudas á conciliación: 2 millóns de euros
- Traslado ao ámbito domiciliario dos servizos de rehabilitación e terapia ocupacional: 500.000 €.
- Atención das persoas sen fogar: 200.000 €
- Apoio aos centros sociosanitarios: 800.000 €
- Loita contra a fenda educativa e profesional debida a desvantaxes dixitais: 2.100.000 €.
- Duplicar a partida aprobada para comerciou: 450.000 €
- Subvención para o desemprego creado polo COVID-19”: 5 millóns de euros.
- Axudas económicas pequenas empresas que pecharon como consecuencia do estado de alarma: 550.000€

CUSTE TOTAL DAS MEDIDAS SOLICITADAS: 19.530.000 €

En Ourense, a 13 de maio de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE